REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais ante a Comisión

1.1 42103 (10/POC-006514)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

1.2 44119 (10/POC-007074)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis
Sobre as actividades que está a desenvolver a Fundación Galicia para contribuír a manter unha presenza activa da Comunidade Autónoma en Bruxelas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

1.3 49156 (10/POC-007777)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019

1.4 49182 (10/POC-007779)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das reformas da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019

1.5 49430 (10/POC-007826)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o estado de conservación no que se atopan as instalacións do complexo deportivo de Acea de Ama, no concello de Culleredo, as obrigas da empresa concesionaria ao respecto, así como as actuacións e os investimentos previstos nel no ano 2019 pola Secretaría Xeral para o Deporte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 30862 (10/PNC-002485)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas para o ano 2018 á atención da dependencia e aos servizos sociais de atención ás persoas maiores, o progresivo avellentamento da poboación e as súas consecuencias, así como o acceso e os prazos de concesión das axudas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

2.2 47264 (10/PNC-003814)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

2.3 48682 (10/PNC-003932)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

2.4 48962 (10/PNC-003954)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a mellora por parte do Goberno galego do grao de cumprimento da súa planificación normativa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

PARLAMENTO
DE GALICIA

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais ante a Comisión

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42103(10/POC-006514)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2019

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 11:47:35
Nº Rexistro: 42103
Data envio: 27/12/2018 11:47:35.595

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Marían García Miguez, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O pasado 1 de agosto de 2017 publicábase no DOG o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este texto normativo fai fincapé en que a violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereito humanos.

Tendo en conta o anterior, considérase fundamental a formación do persoal empregado público en materia de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional. Para conseguilo este novo modelo formativo esixe a convocatoria continuada e permanente de accións formativas, básicas e especializadas, neste ámbito.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Cal é a previsión para 2019 de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero da Escola Galega de Administración Pública?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

CSV: REXISTRO-3HIlxH6mLi-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2018 11:47:35
Nº Rexistro: 42103
Data envio: 27/12/2018 11:47:35.595

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/12/2018 11:45:10

Paula Prado Del Río na data 27/12/2018 11:45:23

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2018 11:46:10

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2018 11:46:25

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2018 11:46:29

María Isabel Novo Fariña na data 27/12/2018 11:46:42

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2018 11:46:56

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2018 11:47:07

CSV: REXISTRO-3HlxH6mLj-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 44119(10/POC-007074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre as actividades que está a desenvolver a Fundación Galicia para contribuír a manter unha presenza activa da Comunidade Autónoma en Bruxelas

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2019 13:09:57
Nº Rexistro: 44119
Data envio: 18/01/2019 13:09:57.821

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira, Maria Isabel Novo Fariña e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración xeral, Xustiza e Interior.**

Con este inicio de ano 2019, atopámonos nun contexto de intenso debate sobre como debe ser a Unión Europea do futuro.

A Unión Europea, por primeira vez na súa historia, perderá un Estado membro en lugar de seguir sumando. Fronte a proliferación de populismos que desvirtúan a idea inicial dos pais fundadores, en Galicia queremos unha Unión máis consistente, forte e democrática que avance guiada polos valores de igualdade, liberdade e Estado de Dereito.

Neste marco, debemos traballar en cooperación entre todos os niveis de goberno. E para isto contamos coa nosa presenza en Bruxelas a través da Fundación Galicia Europa. Unha presenza que, en 2018, cumpre 30 anos nos que ten amosado ser un importante instrumento para achegar Galicia a Europa, formando a medio millar de mozos, axudando a comprender a evolución das políticas e, en suma, facilitando a participación galega no debate europeo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Qué actividades está a desenvolver a Fundación Galicia para contribuír a manter unha presenza activa de Galicia en Bruxelas?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019.

CSV: REXISTRO-gXBy4E6oQ-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2019 13:09:57
Nº Rexistro: 44119
Data envio: 18/01/2019 13:09:57.821

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/01/2019 13:02:56

Paula Prado Del Río na data 18/01/2019 13:03:09

Jacobo Moreira Ferro na data 18/01/2019 13:03:21

César Manuel Fernández Gil na data 18/01/2019 13:03:36

Antonio Mouriño Villar na data 18/01/2019 13:03:41

María Julia Rodriguez Barreira na data 18/01/2019 13:03:55

María Isabel Novo Fariña na data 18/01/2019 13:04:05

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2019 13:04:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-gXBy4E6oQ-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 49156(10/POC-007777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 13:24:58
Nº Rexistro: 49156
Data envio: 15/04/2019 13:24:58.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á requisa de bandeiras galegas nos estadios de fútbol.

De maneira reiterada véñense producindo requisas nos estadios de bandeiras galegas estreleiras e outros símbolos de identificación política. De todos xeitos, non hai unha actuación uniforme nin por parte das autoridades de interior nin por parte dos clubes e así nuns estadios permítese a exhibición destes símbolos e noutros prohíbese drasticamente.

Un bo exemplo deste contraste de criterios é o que acontece nos estadios de Balaídos e Pasarón. Así, mentres a afección do Celta pode exhibir libremente bandeiras e outros símbolos de identidade, no caso do Pontevedra existe unha prohibición expresa por parte da dirección do clube, que se traduce na requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos. Neste sentido, nas últimas tempadas tramitáronse cando menos dous expedientes sancionadores con multas de 300 e 500 euros, xunto coa prohibición de entrada ao estadio.

Para o BNG, estamos diante dunha actitude represora que na práctica supón un atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun estado que se di democrático. E o que é mais grave, estamos diante dun burdo intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do

CSV: REXISTROsamgVjjle9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 13:24:58
Nº Rexistro: 49156
Data envio: 15/04/2019 13:24:58.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pluralismo político, ao establecerse una relación perversa entre a exhibición destes símbolos e a incitación á violencia.

Invócase para a requisa e prohibición destes símbolos a Lei 19/2007 de 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Concretamente faise referencia ao artigo 2, que tipifica como actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte, entre outras, as seguintes:

"A exhibición nos recintos deportivos, nos seus aledaños ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, dalgunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo".

Asemade, o artigo 6 prohibe exhibir bandeiras e outras enseñas "que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou convicciónns, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual".

Parece claro que na forma de proceder do Pontevedra CF e da seguridade do estadio de Pasarón empréganse criterios arbitrarios e inmotivados baixo escusa dunha suposta seguridade. Un xeito de proceder que leva a prohibir de xeito preventivo as bandeiras estreleiras e a estigmatizar e criminalizar as ideas que se expresan por medio deste símbolo.

Con respecto a esta cuestión, cabe sinalar que existen sentenzas xudiciais que conclúen que prohibir bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de

CSV: REXISTROsamgWjjle9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 13:24:58
Nº Rexistro: 49156
Data envio: 15/04/2019 13:24:58.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expresión, polo que as autoridades deben evitar a inclusión da exhibición deste tipo de símbolos entre os actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Como valora o goberno galego a prohibición de bandeiras estreleiras e outros símbolos identitarios galegos nos estadios deportivos?

-Que criterio se segue a este respecto por parte da Secretaria Xeral para o Deporte?

-Comparte o goberno galego a sentenza xudicial que establece que a prohibición de bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de expresión?

-Por que razón non existe un criterio unánime por parte dos clubes e da seguridade dos estadios a este respecto?

-Comparte o goberno galego o criterio do Pontevedra CF a respecto da requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

CSV: REXISTROsamgWjjle9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/04/2019 13:24:58
Nº Rexistro: 49156
Data envio: 15/04/2019 13:24:58.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/04/2019 13:21:46

María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2019 13:21:51

Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2019 13:21:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/04/2019 13:21:54

Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2019 13:21:55

Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2019 13:21:56

CSV: REXISTROsamgWjjle9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 49182(10/POC-007779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das reformas da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2019 10:28:39
Nº Rexistro: 49182
Data envio: 16/04/2019 10:28:39.952

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro. Coas dúas normas, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos e menor de 18, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre co fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Aínda que en 2015, os xulgados galegos incoaron máis de 2500 expedientes de reforma menos que en 2010, segundo a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia no ano 2015, as condenas por todo tipo de delitos graves contra as persoas téñense incrementado case no dobre. A realidade é que a Xunta de Galicia non ten prazas suficientes para acoller a estes menores condenados, hai poucos centros en Galicia e só 2 públicos. Así o recoñece a propia Consellería de Traballo e Benestar, que recoñece tamén que as instalacións están saturadas ante o substancial aumento nos últimos años do número de adolescentes penados con medidas xudiciais. A estas privatización e saturación hai que engadir deficiencias nas instalacións, falta de persoal, precariedade laboral e convivencia de menores con diversas patoloxías.

Todo iso leva a que quede moi lonxe o obxectivo do desenvolvemento da autonomía integral e a reinserción social dos menores afectados. A non ser que, en realidade, ese non sexa o obxectivo do Goberno galego. Así, na medida 398 do programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019, dise literalmente: *"Reformaremos la Ley del Menor. Rebajaremos la edad de responsabilidad penal, en supuestos de especial gravedad o multirreincidencia. Potenciaremos el papel procesal de víctimas y perjudicados, y aumentaremos los plazos de prescripción y las medidas cautelares. Posibilitaremos la celebración de juicio en ausencia del menor, en caso de incomparecencia reiterada e injustificada.*

CSV: REXISTRO1gMA4Cmu42
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2019 10:28:39
Nº Rexistro: 49182
Data envio: 16/04/2019 10:28:39.952

Aumentaremos las penas de internamiento y propiciaremos el ingreso en prisión en determinadas circunstancias al cumplirse la mayoría de edad".

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, de 12 de xaneiro, debe ter como obxectivos primordiais a educación favorecedora da inserción social e familiar da crianza, o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social?
2. Cal é a opinión do Goberno con relación á medida 398 do programa electoral do PP para as eleccións xerais? É compartida?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 09:46:10

Noela Blanco Rodríguez na data 16/04/2019 09:46:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/04/2019 09:46:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/04/2019 09:46:28

CSV: REXISTRO 1gMA4Cmu42
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49430(10/POC-007826)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de conservación no que se atopan as instalacións do complexo deportivo de Acea de Ama, no concello de Culleredo, as obrigas da empresa concesionaria ao respecto, así como as actuacións e os investimentos previstos nel no ano 2019 pola Secretaría Xeral para o Deporte

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 10:53:51
Nº Rexistro: 49430
Data envio: 26/04/2019 10:53:51.199

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación do complexo deportivo de Acea de Ama e as previsións de investimentos por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No concello de Culleredo está emprazado o complexo deportivo de Acea de Ama, dependente da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galiza, que está dotado con instalacións para a práctica de diferentes deportes.

Debido á falta de investimentos e á carencia dunha axeitada conservación e mantemento, unha parte dos equipamentos adoecen de numerosas deficiencias:

O campo de rugby está nun estado lamentable.

O edificio central ten o tellado en mal estado, con tellas caendo.

As pistas de padel están cheas de silveiras.

As pistas de baloncesto teñen o pavimento deteriorado.

As pistas de futbito que había tamén co pavimento estragado, convertéronas en aparcadoiros diante da piscina.

CSV: REXISTRO8I9XYqqch9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 10:53:51
Nº Rexistro: 49430
Data envio: 26/04/2019 10:53:51.199

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que as instalacións da piscina son xestionadas e atendidas por unha empresa concesionaria, o resto das instalacións están nun estado de abandono, polo que cómpre aclarar a quen corresponde a conservación e mantemento destes espazos.

2. A maiores están as restricións para o uso das instalacións por parte dos clubes deportivos da zona, que deberían ter un uso preferente ao tratarse dun equipamento público. Así, os tres clubes de natación de Culleredo non teñen reservas de calles e horarios, a non ser aquelas poucas que lles paga o concello de Culleredo, polo que teñen que desprazarse para adestrar á piscina de San Diego na Coruña ou á Barcala en Cambre.

E o Portádego Fútbol Clube ten que pagar 8000€ ano polo uso do campo de fútbol.

3. Por outra parte, a empresa municipal de Augas da Coruña, EMALCSA, está realizando obras de abastecemento de auga a Coruña que carecen de licenza urbanística e afectan aos terreos do complexo deportivo de Acea de Ama, incluíndo un humidal catalogado.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. A quen lle corresponde a conservación e mantemento das instalacións deportivas de Acea de Ama?

2. Que obrigas ten a empresa concesionaria a respecto da conservación e mantemento das instalacións, pistas deportivas, edificios e zonas verdes?

CSV: REXISTRO8I9XYqqch9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 10:53:51
Nº Rexistro: 49430
Data envio: 26/04/2019 10:53:51.199

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que investimentos ten previsto realizar a Secretaria Xeral para o Deporte en Acea de Ama no presente ano 2019 e en que actuacións?

4. Ten previsto a Secretaría Xeral para o Deporte facilitar o uso das instalacións por parte dos clubes deportivos da zona?

5. Ten coñecemento a Xunta de Galiza das obras que prevé realizar EMALSA e que afectan ao complexo deportivo e a un humidal catalogado?

6. Informou favorabelmente a Xunta de Galiza as citadas obras?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2019 10:51:56

CSV: REXISTRO8I9XYqqch9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2019 10:53:51
Nº Rexistro: 49430
Data envio: 26/04/2019 10:53:51.199

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2019 10:52:03

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2019 10:52:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2019 10:52:06

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2019 10:52:07

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2019 10:52:09

CSV: REXISTRO8I9XYqqch9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 30862(10/PNC-002485)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas para o ano 2018 á atención da dependencia e aos servizos sociais de atención ás persoas maiores, o progresivo avellentamento da poboación e as súas consecuencias, así como o acceso e os prazos de concesión das axudas

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30862
Data envio: 11/05/2018 12:55:27.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dá súa deputada **Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto non artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a execución eficiente e realista dos orzamentos do 2018 en materia de axudas na atención aos maiores e aos maiores con dependencia.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Un dos grandes problemas que ten que enfrontar o actual goberno é o alto índice de envellecemento da poboación. Desde 1975 este índice é continuo e faise especialmente alto no caso das mulleres. Fenómeno que fai aumentar a taxa de dependencia. En Galicia por cada 100 menores de 20 anos, hai 154 persoas maiores de 64 anos. Segundo o SSISAAD, ata maio do 2011, en Galicia presentáronse 90.449 solicitudes; con 77.291 ditames, dos cales, 63.326 recoñecen algún grao de dependencia, pero só hai 33.232 beneficiarios/ as con prestación efectiva. É dicir, que na nosa comunidade o número de prestacións vai decaendo, as súas causas poden estar nas listas de espera, ou na innegable burocracia que requiren os servizos e axudas especifica. Esta situación ten que variar forzosamente e ten que ir acompañada irremediablemente por unhas medidas que na actualidade non se están tomando.

Non pode suceder que haxa partidas orzamentadas que queden sen executar ante problemas tan perentorios e característicos da nosa demografía.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30862
Data envio: 11/05/2018 12:55:27.919

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º Levar a cabo unha execución eficiente e completa das partidas dos Orzamentos da Xunta de Galicia do 2018 destinadas a dependencia e servizos sociais de atención ás persoas maiores.

2º Fortalecer a colaboración coas administracións municipais e as deputacións, para adaptarse ao desafío que supón unha poboación que se avellenta ano tras ano, xerando moitas situacións que xa rozan a emerxencia social, en especial, entre a poboación do rural.

3º Desenvolver as medidas necesarias para garantir o acceso ás axudas e minimizar os prazos de concesión das mesmas para que a poboación maior galega non estea exposta á pobreza.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:55
Nº Rexistro: 30862
Data envio: 11/05/2018 12:55:27.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 11/05/2018 12:54:39

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 47264(10/PNC-003814)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:53:40
Nº Rexistro: 47264
Data envio: 05/03/2019 09:53:40.014

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 1.ª**

Exposición de motivos:

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) creáronse no ano 2013 mediante un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para cubrir a rede de emerxencias de Galicia nas que había zonas de sombra, onde os parques de bombeiros non chegaban a dar cobertura.

Neste convenio recóllense as funcións encomendadas aos GES entre as que se atopan a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, definición de redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais, investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que creen descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais de titularidade dos concellos ou de propietarias descoñecidas e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas, actuacións de prevención de pragas (vespa velutina, etc.) como control e retirada de niños, intervención en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas mediante a limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidentes, intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais,

CSV: 90RKvHpA28
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:53:40
Nº Rexistro: 47264
Data envio: 05/03/2019 09:53:40.014

xeadas, choivas intensas, sismos, derrubes, colaborar en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, etc.

Os concellos de Maceda, Allariz e A Veiga reclamaron a creación de GES para dar cobertura ás zonas de poboación, que non teñen bombeiros preto e que por proximidades cubran as zonas de sombra existentes actualmente. Hai 27 GES e para completar o mapa de emerxencias que abarcase todo o territorio precisaríanse 8 novos GES.

O GES da Fonsagrada que está inactivo, a sede deste pasou a Baleira, inda que deixa sen cobertura a moitas das localidades máis afastadas, sobre todo na alta montaña lucense, co que coa produción dun sinistro este pode ter unha incidencia maior, sendo inasumible polas condicións de acceso a estas localidades e polas distancias que o GES de Becerreá ou outros teñen que asumir.

Ademais, outras localidades como Silleda tamén mostraron a necesidade de contar cun GES específico ou ben a inclusión no convenio da zona que lle corresponda, para que non se dean casos como os do ano pasado que quedaron sen cobertura.

Este concello conta con parque de bombeiros e non se incluíu no convenio de zona cos GES de Lalín e/ou da Estrada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1.- Aprobar a creación don GES de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga e dotalos de orzamento.

2.- Crear un GES na montaña lucense que reduza os tempos de resposta as emerxencias que se produzan.

CSV: 90RKrHpA28
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 09:53:40
Nº Rexistro: 47264
Data envio: 05/03/2019 09:53:40.014

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputado, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/03/2019 09:40:38

Paula Vázquez Verao na data 05/03/2019 09:40:48

Luis Villares Naveira na data 05/03/2019 09:40:52

CSV: 90RKvHjpA28
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 48682(10/PNC-003932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 13:07:04
Nº Rexistro: 48682
Data envio: 04/04/2019 13:07:04.488

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A billarda é un xogo que forma parte da tradición cultural galega. Aínda que a súa práctica foi minguando ao longo do tempo, aínda se conserva nalgunhas zonas do país. Desde o ano 2003 véñense organizando en Galiza competicións de billarda. O proceso de recuperación comezou na Mariña de Lugo, e desde ai foi estendéndose a case todo o territorio galego. No 2005 produciuse unha unificación de normas a partir do xeito tradicional e neses anos creouse a Liga Nacional de Billarda, que organiza competicións comarcais en todo o territorio galego agás en Ourense, onde non hai competición mais si torneos de exhibición ao longo do verán.

Nos primeiros anos de recuperación creáronse tres conferencias ou competicións: a Nordeste (Lugo), a Noroeste (Coruña) e Rías Baixas (Pontevedra). Entre 2010 e 2013 creáronse 6 conferencias. Nos tres últimos anos seguiu incrementándose o número de practicantes, que na actualidade é dunhas 320 persoas, das que un 35% son mulleres.

Cómpre ter en conta que se trata dunha actividade deportiva que combina competición e participación e que ten unha alta potencialidade de desenvolvemento

CSV: REXISTROVFai221Ub3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 13:07:04
Nº Rexistro: 48682
Data envio: 04/04/2019 13:07:04.488

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

social e no eido educativo por tratarse dun xogo que transmite valores positivos, é inclusivo e fomenta a relación interxeracional.

Para continuar co proceso de recuperación e expansión, a billarda precisa de apoio institucional desde a Xunta de Galiza, as deputacións e os concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Recoñecer a billarda como modalidade deportiva.

2. Desenvolver un programa de divulgación e expansión deste xogo no ámbito educativo e no conxunto da sociedade.

3. Fomentar e apoiar as competicións de billarda que se desenvolven no territorio galego, así como o intercambio con outros países.

4. Colaborar con concellos e deputacións para desenvolver un plan de creación de infraestruturas para a práctica da billarda."

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Montserrat Prado Cores

CSV: REXISTROVFai221Ub3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 13:07:04
Nº Rexistro: 48682
Data envio: 04/04/2019 13:07:04.488

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 13:00:48

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 13:00:55

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 13:00:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 13:00:59

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 13:01:00

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 13:01:02

CSV: REXISTROVFai221Ub3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 04.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 48962(10/PNC-003954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a mellora por parte do Goberno galego do grao de cumprimento da súa planificación normativa

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:10:03
Nº Rexistro: 48962
Data envio: 10/04/2019 12:10:03.637

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados tanto para o ano 2017 como para 2018 foi obxecto das correspondentes preguntas e propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista, para coñecer as causas e valoración deste grave deterioro da súa capacidade de iniciativa lexislativa, instándolle a corrixir esta situación.

A día de hoxe o Goberno galego non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

Transcorrido ademais o primeiro trimestre de 2019, non coñecemos as previsións normativas do Goberno galego para este ano.

Vémonos así de novo na obriga de requirir do Goberno galego que asuma os seus propios compromisos lexislativos, sendo polo demais unha esixencia legal en materia de procedemento común para todas as administracións públicas.

Seguimos así diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Ante esta preocupante situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a mellorar substancialmente o grao de cumprimento da súa planificación normativa.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2019

CSV: REXISTRORRVpYNXIG0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:10:03
Nº Rexistro: 48962
Data envio: 10/04/2019 12:10:03.637

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/04/2019 12:00:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2019 12:00:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2019 12:00:31

CSV: REXISTRORVpYNXIG0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es